

Un sindicato a pé de corredor

■ As boas receitas de sempre para a acción sindical en EXTEL: atención ás persoas que se representa, información sobre todos os procesos en que se participa e implicación na resolución dos problemas. Estas son as tarefas imprescindibles segundo Nuria Rodríguez, secretaria xeral da sección sindical estatal de CCOO en EXTEL.



Nuria Rodríguez Lema

Secretaria xeral da sección sindical estatal de CCOO en EXTEL

Ás veces, cando escoitamos iso de «baixar ás empresas» sóanos a tópic e procuramos outras opcións como as novas tecnoloxías, os correos electrónicos e non sei cantas cousas máis. Poida que todas elas sexan a solución, pero sempre como opcións complementarias. A proba témola no traballo de CCOO en EXTEL, tanto na sección sindical como no comité de empresa.

EXTEL naceu en 1999 e durante os primeiros catro anos no comité só había representación de CCOO. Máis tarde entrou a UGT e, posteriormente, nunhas eleccións parciais, a CIG. Nun novo proceso electoral, CCOO, UGT e CIG quedamos con cadanseus catro membros nun comité de 21. Xa nas últimas eleccións, obtivemos oito membros no comité (49 % da representación), a

só dez votos da organización maioritaria.

Como se ve, a representación de CCOO na empresa pasou por fases ben diversas, pero nestes quince anos houbo sempre unha certeza: a nosa afiliación medrou de xeito constante, circunstancia meritoria polo complicado do noso marco de traballo: unha empresa que ten entre 1.200 e 1.300 traballadores e traballadoras con rotación de emprego (precario), salarios moi baixos e nun sector recente con pouca traxectoria e cultura sindical. Se isto parece desalentador, aínda por riba o convenio colectivo foi negociado por dúas federacións con culturas de rama moi distintas, xa que o noso é un sector dos chamados fronteirizos.

Os atrancos son, polo tanto, diversos. Con todo, grazas ao compromiso e á militancia de quen

Parte do noso labor sindical é informar de canto facemos. Para isto, entregamos comunicados en man, enviamos información por correo electrónico e contamos cunha publicación mensual dirixida a todo o persoal

actúa na defensa dos dereitos dos seus compañeiros e compañeiras, ningunha eiva é insalvable. O traballo diario, o contaxio desa militancia e a procura incansable de solucións de conxunto –sobre todo para aquelas necesidades que a nosa afiliación demanda– é algo que se aprecia. Onde hai un problema, hai un delegado ou delegada de CCOO para tentar chegar á mellor solución posible. Sobra dicir que a nosa afiliación ten que se sentir acompañada e apoiada polos nosos delegados e delegadas!

O traballo cotián que facemos en EXTEL consiste en acompañar as necesidades das persoas que

representamos, pero tamén en informar de canto facemos: con comunicados en man, por correo electrónico e a través dunha publicación mensual dirixida ao persoal da empresa, informamos de todo o que está pasando, lembramos os dereitos que asisten o persoal por convenio e damos consellos de como coidar a saúde no centro de traballo.

No caso particular do noso centro, na Coruña, o labor sindical baséase en moita dedicación. Daquela, ademais de estarmos xunta os compañeiros e compañeiras nas instalacións da empresa, dedicamos un día á semana a permanecer de garda na sala sindical. Alí atendemos calquera consulta ou petición que se nos faga chegar. Loxicamente, aproveitamos o tempo para redactar denuncias, revisar problemas xa formulados e planificarmos a acción sindical para aqueles casos en que a negociación ou as denuncias non desembocan nunha solución.

Un sindicato grande

Cando un traballador ou traballadora ten un problema, o primeiro que facemos é procurar unha solución. Como parte deste labor, tamén explicamos as vantaxes da afiliación a CCOO. A maioría das persoas entenden que o feito de estaren afiliadas axudará a que o sindicato lles poida dar unha mellor atención non só a elas, senón tamén e outras traballadoras e traballadores.

Para o desempeño deste cometido non se precisan grandes investimentos económicos nin grandes alardes de tecnoloxía –aínda que sexa necesaria–. Se de algo hai probas no labor sindical de CCOO en EXTEL é de constancia no traballo cotián a pé de corredor. Atender, escoitar e solucionar son os verdadeiros motivos polos que a afiliación nos acompaña. Cómpre ter algo moi claro nesa militancia: Comisiones Obreiras é un sindicato grande, non só en números, senón en solucións.